



# Memoria de Actividade. OSIMGA

Ano 2020

Pleno do Observatorio da Sociedade da Información  
e a Modernización de Galicia



XUNTA  
DE GALICIA

**Edita:** Xunta de Galicia

**Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)**

**Lugar:** Santiago de Compostela

**Ano:** 2021

**Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons 3.0 Spain Attribution/No Comercial. Compartir baixo a mesma licencia dispoñible en:**

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sana/3.0/deed.gl>

## ÍNDICE

|         |                                                                                                                 |    |
|---------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| 1-      | INTRODUCCIÓN .....                                                                                              | 5  |
| 2-      | OBXECTIVOS .....                                                                                                | 7  |
| 3-      | O OSIMGA en cifras. Ano 2020 .....                                                                              | 8  |
| 4-      | COMPROMISOS DO PLENO OSIMGA 2020 .....                                                                          | 11 |
| 5-      | ACTUACIÓNS E PROXECTOS .....                                                                                    | 19 |
| 5.1.-   | LIÑA 1: INFORMES DE CARÁCTER XERAL .....                                                                        | 20 |
| 5.1.1.- | FOGARES .....                                                                                                   | 21 |
| 5.1.2.- | EMPRESAS.....                                                                                                   | 22 |
| 5.1.3.- | SECTOR TIC .....                                                                                                | 23 |
| 5.1.4.- | eADMINISTRACIÓN .....                                                                                           | 24 |
| 5.2.-   | LIÑA 2: ESTUDOS TEMÁTICOS .....                                                                                 | 25 |
| 5.2.1.- | A Sociedade da Información do Rural.....                                                                        | 26 |
| 5.2.2.- | Sociedade da Información dende unha perspectiva de xénero                                                       | 28 |
| 5.2.3.- | A Mocidade e as TIC.....                                                                                        | 29 |
| 5.2.4.- | Software libre nos concellos e nas empresas TIC de Galicia ...                                                  | 30 |
| 5.2.5.- | As mulleres no sector TIC. ....                                                                                 | 31 |
| 5.2.6.- | O Hipersector TIC .....                                                                                         | 32 |
| 5.2.7.- | A Sociedade da Información e os Autónomos de Galicia.....                                                       | 33 |
| 5.3.-   | LIÑA 3: PROXECTOS EN COLABORACIÓN CO IGE E NO MARCO DO V<br>PLAN GALEGO DE ESTADÍSTICA 2017-2021.....           | 34 |
| 5.3.1.- | Renovación do Convenio de Colaboración entre Amtega, o IGE e<br>o INE. ....                                     | 35 |
| 5.3.2.- | [4106-01-AE05] A Sociedade da Información no medio rural...                                                     | 36 |
| 5.3.3.- | [ 4101-02-OE05] Sistema de Indicadores da SI de Galicia .....                                                   | 36 |
| 5.3.4.- | [ 4102-01-OE05] Enquisa ás Empresas TIC.....                                                                    | 37 |
| 5.3.5.- | [ 4103-01-OE05 e 4103-02-OE05] A Administración electrónica<br>na Xunta de Galicia e nos concellos galegos..... | 37 |

|                                                                                                   |    |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| 5.3.6.-[4102-02-AE05] Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia ..... | 37 |
| 5.4.-LIÑA 4: SISTEMA DE INFORMACIÓN E VIXILANCIA .....                                            | 38 |
| 5.4.1- Web OSIMGA <a href="http://www.osimga.gal">www.osimga.gal</a> .....                        | 38 |
| 5.4.2- Dixiterrae: unha nova forma de presentar os datos.....                                     | 41 |
| 5.4.3- Vixilancia e análise de fontes de información externas .....                               | 42 |
| 5.4.4- OSIMGA nos medios .....                                                                    | 43 |
| 5.5.-LIÑA 5: COLABORACIÓNS.....                                                                   | 44 |

## 1-INTRODUCCIÓN

Este documento presenta un balance dos servizos e actuacións desenvolvidas polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), organismo adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia na anualidade 2020.

O **principal obxectivo** desta memoria anual é difundir os resultados de todas as actividades realizadas polo OSIMGA durante ese período, de acordo coa planificación de actividades que figura no Plan de Traballo Anual 2020.

As actividades do OSIMGA **enmárcanse nas iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital de Galicia 2020**, dado que o Observatorio configúrase como o instrumento para analizar e avaliar o estado de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.

A Axenda Dixital de Galicia 2020 conformou un marco sólido para articular un modelo de crecemento vinculado á economía dixital construíndo o camiño da transformación dixital de todas as áreas de desenvolvemento da Comunidade.

Neste contexto, ven de presentarse este ano a **Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD 2030)**, que determina o punto de inflexión de Galicia dende onde iniciar o cambio para construír e compartir un futuro dixital de Galicia, do que son partícipes a cidadanía, as empresas e as administracións, co obxectivo de contribuír ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medioambiental.

A **Estratexia Galicia Dixital 2030** apóiase no OSIMGA, como unidade que centraliza a actualización periódica dos valores dos indicadores relacionados co nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia e incluírá no seu plan de traballo novos proxectos ou estudos en liña cos eixos estratéxicos da EGD2030.

Ademais, deuse cumprimento a todos os compromisos asumidos no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia **para o ano 2020**, afianzando a intensa **colaboración** establecida entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través do OSIMGA, o **Instituto Galego de Estatística (IGE)** e o **Instituto Nacional de Estatística (INE)**, no que se refire á coordinación da realización das enquisas en materia da Sociedade da Información. Así, no ano 2020 renováronse os convenios de colaboración existentes entre Amtega, o IGE e o INE por un período de catro anos.

Os froitos deste traballo e esforzo son a eficiencia e a rigorosidade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica na área das tecnoloxías da información e da comunicación e afondando na **consolidación dun sistema de indicadores da Sociedade da Información en Galicia**.

Cabe salientar, como fito destacable, a posta en marcha da plataforma **dixiterrae.xunta.gal**. Esta web ofrece á cidadanía información sobre o proceso de transformación dixital e facilita o acceso e o coñecemento sobre os recursos e ferramentas dispoñibles. Esta web permitirá visualizar os datos e o grao de avance do proceso de transformación dixital dunha forma diferente, empregando como fonte de información a información estatística dispoñible no Osimga.

A Memoria do OSIMGA ofrece distintos **indicadores de seguimento** sobre os traballos realizados e os servizos ofrecidos polo Observatorio, presentando dunha maneira sistemática todas as observacións realizadas polo OSIMGA, tanto as **observacións de carácter xeral como as de carácter temático**. Esta memoria comprende a descrición dos traballos de deseño das enquisas e observacións, a recollida de información e a difusión dos resultados, así como aquelas tarefas que definen ao OSIMGA como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información de Galicia.

O informe recolle tamén as actividades realizadas polo OSIMGA como órgano de xestión, información e vixilancia especializada, destacando a súa **web** como principal instrumento de difusión.

Por último, abórdanse as actividades de colaboración en eventos, proporcionado información e indicadores, coa finalidade de contribuír á difusión do estado e da evolución das TIC en Galicia.

## 2-OBXECTIVOS



*Órgano para avaliar o avance da Sociedade da Información*

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) é un órgano asesor para a valoración da evolución da Sociedade da Información, a Modernización Administrativa e a Administración electrónica nas Administracións Públicas de Galicia, e para a participación e colaboración coas distintas Administracións Públicas nesta materia.

O OSIMGA proporciona información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos nas devanditas materias.

Creado e regulado polo Decreto 21/2010 do 4 de febreiro (DOG, 26/02/2010), que foi modificado polo Decreto 57/2013 do 11 de abril (DOG, 12/04/2013), o OSIMGA está adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Xunta de Galicia.



### *Obxectivos do OSIMGA*

Os principais obxectivos do Observatorio son:

-  Desenvolver ou promover recompilacións, estudos e análises de datos que permitan coñecer, cunha visión global, o nivel de desenvolvemento, a tendencia e as posibles problemáticas que poden afectar á extensión da Sociedade da Información en Galicia e á aplicación do modelo de eGoberno nas administracións públicas galegas.
-  Facilitar análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.
-  Promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.
-  Impulsar a organización de eventos formativos, reunións de expertos ou grupos de traballo.
-  Promover e xestionar a elaboración e difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica.
-  Xestionar e ofrecer periodicamente e, como mínimo, a través dunha web específica, información sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, eventos formativos, noticias de actualidade, ou ligazóns con outras fontes de información, observatorios ou entidades.
-  Elaborar e presentar publicamente informes que reflectan o estado de situación ou a evolución prevista.
-  Facilitar datos a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia.
-  Analizar o estado de desenvolvemento da Sociedade da Información para toda a cidadanía e, en especial, no que respecta ás mulleres, ás persoas con discapacidade, ás persoas maiores e aos colectivos con risco de exclusión, promovendo liñas de actuación que potencien a súa incorporación e permanencia activa en condicións de igualdade efectiva.
-  Avaliar e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración.

## 3-O OSIMGA en cifras. Ano 2020



\* Visitas á web do Osimga no período comprendido entre o Pleno 2020 e o Pleno 2021.



### *Evolución do OSIMGA dende a súa creación*


Desde a súa creación, a principios do ano 2010, o OSIMGA realizou un gran esforzo para ampliar a súa actividade de observación e análise dos indicadores da Sociedade da Información e, ao mesmo tempo, achegar este coñecemento dunha forma clara e transparente á sociedade.

As necesidades e expectativas da cidadanía, empresas e Administracións Públicas son o punto de partida para a definición dos nosos compromisos, sendo a medición do seu grao de cumprimento unha tarefa fundamental no proceso de avance continuado do OSIMGA.

Por este motivo, neste capítulo preséntase un balance dos principais indicadores de xestión do Observatorio e móstrase a evolución positiva que experimentaron, tanto o número de estudos e análises realizados como o incremento significativo das consultas e visitas aos produtos e servizos que se ofrecen desde a web do OSIMGA

O OSIMGA ven despregando unha intensa labor de investigación a través da elaboración de diagnósticos, estudos temáticos e análises, conseguindo a cifra de 42 informes no ano 2020, mantendo o elevado ritmo de publicacións dos últimos anos. No ano 2020 incorporáronse dous novos informes ao catálogo de publicacións do Observatorio: O Impacto da COVID no sector TIC de Galicia e o estudo sobre a traxectoria profesional das persoas egresadas STEM nas Universidades galegas.


## NÚMERO DE INFORMES REALIZADOS



O OSIMGA comezou monitorizando cen indicadores relativos ás TIC en diversos ámbitos: fogares, empresas, sector TIC e administracións. Actualmente, achéganse 940 indicadores avaliados anualmente polo OSIMGA que permiten atender ao singular perfil sociodemográfico existente en Galicia.

Neste último ano incorpóranse 150 novos indicadores a raíz da elaboración dous novos estudos citados: Impacto da COVID no sector TIC de Galicia e o estudo sobre a traxectoria profesional das persoas egresadas STEM nas Universidades galegas.

## NÚMERO DE INDICADORES MONITORIZADOS



Unha das conclusións máis relevantes e positivas que se observan neste exercicio de autodiagnóstico que realiza o OSIMGA é o seguimento dos proxectos e actividades a través da súa web.

Tras a renovación de 2018, a nova web do OSIMGA permite a navegación dende diferentes dispositivos, dispoñendo en todos eles do mesmo aspecto visual e adaptado ao dispositivo (deseño responsive orientado a dispositivos móbiles).

O OSIMGA analiza tamén a información de actualidade procedente de entidades externas, extraendo os datos destacados relativos á Comunidade Galega e observando as últimas tendencias en materia de Sociedade da Información. O boletín electrónico informa aos nosos subscritores dunha selección experta das experiencias e eventos de actualidade. A boa acollida deste servizo queda reflectido nos 3.165 subscritores cos que xa conta o boletín do Observatorio.


As novas e publicacións de OSIMGA tiveron ampla cobertura e impacto en medios galegos, aparecendo mencionadas en 27 medios e webs diferentes no último ano, contribuíndo así a difundir o coñecemento sobre a situación da realidade galega e a evolución das tecnoloxías dixitais en Galicia.

### Período 2010 – 2021



*O nº de subscritores do boletín semanal do OSIMGA aumentou un 82,4% desde a súa creación no ano 2010*

### NÚMERO SUBSCRITORES DEL BOLETÍN




## 4- COMPROMISOS DO PLENO OSIMGA 2020

As actividades realizadas polo OSIMGA no ano 2020 tiveron como marco de referencia o Plan de Traballo aprobado no Pleno do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA).

O Pleno do Observatorio, celebrado o 24 de Novembro de 2020 na sede da Amtega, edificio Cinc da Cidade da Cultura de Galicia, estivo presidido pola directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia e integrado por representantes das distintas Administracións públicas e universidades xunto con personalidades de recoñecido prestixio en materia da Sociedade da Información e de modernización administrativa.

A estrutura do Pleno levado a cabo no 2020 corresponde ao seguinte organigrama:

**Figura 1. Estrutura do Pleno OSIMGA**



Neste Pleno, ademais de presentar a Memoria Anual de 2019 e aprobar o Plan de Traballo de 2020 do Observatorio da Sociedade Galega da Información e Modernización de Galicia, presentouse o Balance da Axenda Dixital 2020, un informe en relación ao lanzamento de elaboración da “Estratexia Galicia Dixital 2030” e o Informe sobre o Plan de Administración e Goberno Dixitais Horizonte 2020.

Cabe salientar que no transcurso do Pleno adquiríronse **tres compromisos** a desenvolver durante o seguinte ano referidas a: novas liñas de estudo sobre o **impacto da COVID19 no sector TIC de Galicia**, un **estudo específico sobre a traxectoria profesional das persoas egresadas en Ciencias, Tecnoloxías, Enxeñarías e Matemáticas (STEM) nas Universidades galegas** e a **planificación de dous novos estudos baseados no nova Estratexia Galicia Dixital 2030**.

Figura 2. O Pleno do OSIMGA 2020





### *Balance da Axenda Dixital de Galicia 2020*



Dende o ano 2015, a ADG2020 mobilizou máis de 1260 millóns de euros, dos que máis de 400 se corresponden con capital privado nos diferentes plans de transformación dixital. O sector tecnolóxico ten un papel chave na implantación destas actuacións. En Galicia o número de empresas do Hipersector TIC ascende a 3.665 empresas, que deron emprego no ano 2019 a máis de 24.300 persoas, o que representa un crecemento do 4,4% respecto do ano anterior.



### *Memoria de Actividade y Plan de Traballo de OSIMGA*



O Pleno do Observatorio do ano 2020 aprobou o Plan de traballo anual que describe as tarefas que van configurar o programa de traballo do Observatorio ao longo do próximo ano e a Memoria de Actividades do ano 2019 que pode consultarse na web do OSIMGA [www.osimga.gal](http://www.osimga.gal)





## Nova liñas de estudo executadas no ano 2020:

Entre as principais novidades do Plan de Traballo do Observatorio do ano 2020 destacábanse dúas novas liñas de estudo relativas ao impacto da COVID19 nas empresas TIC de Galicia e a publicación dun estudo sobre a traxectoria laboral das persoas egresadas STEM das Universidades Galegas.

Ambos os dous estudos son compromisos adquiridos no Pleno OSIMGA do ano 2020 e preséntanse a continuación os seus resultados e conclusións.

### Impacto da COVID19 no sector TIC



Neste estudo constátase que o sector TIC foi un dos máis resilientes na contorna das dificultades económicas provocada pola COVID-19 e configurouse como un sector estratéxico para dar resposta ás necesidades de aumento da dixitalización xurdidas a raíz da pandemia do coronavirus.



O informe recolle o impacto sobre o emprego, o negocio e a xestión do traballo, destacando entre as súas conclusións:

**O emprego no sector TIC refórzase en época de crise:**

- ✓ O sector TIC de Galicia acadou os 19.343 traballadores/as en 2020, o que supuxo 359 novos empregos no ano 2020 e representa un crecemento do 1,9% respecto do ano anterior.
- ✓ En canto ás áreas de actividade, obsérvase unha evolución desigual, sendo as empresas dedicadas ás actividades informáticas e ás telecomunicacións as que soportan o crecemento do sector TIC fronte ao resto dos subsectores

**Aumento da demanda de novos produtos e solucións TIC:**

- ✓ O 34,8% das empresas TIC galegas afirma que as novas circunstancias e as novas necesidades dixitais aumentaron a demanda dos seus produtos.
- ✓ Os principais servizos e produtos TIC que aumentaron a súa demanda debido á situación provocada pola crise sanitaria da COVID-19 foron os produtos de software, os servizos web e os equipamentos móbiles e de comunicación.

**Impacto positivo no comercio electrónico**

- ✓ Preto dun 32% das empresas TIC venderon os seus produtos ou servizos a través do comercio electrónico, un 7,1% máis que o ano anterior.
- ✓ Entre as empresas TIC galegas que venderon por Internet, un 31,4% aumentou o volume de vendas en liña a raíz das novas circunstancias.

**Incremento do nivel de dixitalización**

- ✓ Unha de cada tres empresas TIC de Galicia implementou novas plataformas ou ferramentas dixitais para facilitar as compras online aos seus clientes.

**Novas fórmulas de xestión do traballo**

- ✓ 8 de cada 10 empresas evitaron as reunións presenciais para relacionarse cos provedores.
- ✓ O 63,4% das empresas TIC galegas conta con empregados/as que teletraballan, aumentando nun 91,5% no último ano.
- ✓ O 65,5% das empresas TIC galegas empregou plataformas de videoconferencia no ano 2020, un 26,4% máis que no ano 2019.

Fonte: [http://www.osimga.gal/sites/w\\_osimga/files/documentos/informe\\_impacto\\_tic\\_covid.pdf](http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_impacto_tic_covid.pdf)

## Talento Dixital: Estudo da Traxectoria Profesional dos perfís STEM de Galicia



XUNTA DE GALICIA

A Estratexia Galicia Dixital 2030 sinala como área de actuación prioritaria o “Impulso á promoción do talento dixital” e destaca a necesidade da “promoción das vocacións científico-tecnolóxicas entre a mocidade, reducindo a fenda crecente entre a demanda e a dispoñibilidade de talento dixital”.\* Neste marco encádrase a elaboración do estudo da análise da traxectoria profesional das persoas egresadas en carreiras do ámbito STEM en Galicia.

### Obxectivos do estudo

- Coñecer a oferta de talento dixital en Galicia: a súa formación e a inserción laboral dos perfís STEM egresados de Galicia.
- Caracterizar as condicións de traballo, roles profesionais, os sectores produtivos que empregan os perfís STEM así como a mobilidade e a retención de talento dixital
- Avaliar as eSkills dos perfís STEM, analizando a súa especialización, capacitación e habilidades específicas
- Describir cales son os perfís e necesidades formativas máis demandadas e a adecuación ás necesidades de transformación dixital actuais e futuras.

Este estudo permitiu identificar os perfís dixitais presentes no tecido empresarial galego e detectar a demanda de novas especializacións:

### Xestión do dato

Constátase que os datos son a nova materia prima e require talento dixital que xestione a información e xere valor engadido a partir da análise dos datos.

- ✓ Un 13,2% das empresas TIC galegas conta con especialistas que desenvolven o seu traballo no campo da big data
- ✓ Un 47,2% das empresas TIC de Galicia que desenvolve funcións no ámbito da Xestión dos datos demanda perfís relacionados con Big Data.

### Ciberseguridade

O incremento de ameazas á seguridade en Internet require perfís capacitados para desenvolver solucións e implementar medidas de seguridade que freeen as ameazas cibernéticas.

- ✓ Un 11,5% das empresas TIC galegas conta con especialistas en Ciberseguridade

- ✓ Un 42,5% das empresas TIC de Galicia con liñas de negocio no ámbito da Ciberseguridade demanda perfís dixitais especializados nesta materia

### **Tecnoloxías medioambientais e eficiencia enerxética**

- ✓ O 6,6% das empresas TIC de Galicia conta con perfís STEM na área das tecnoloxías ambientais e a eficiencia enerxética.
- ✓ Un 41% das empresas TIC de Galicia que inverte nesta área require profesionais STEM no ámbito da economía verde e circular que permita a transición a fontes de enerxías renovables, limpas, seguras e eficientes.

### **Fábricas do futuro:**

- ✓ Unha de cada dez empresas TIC de Galicia conta actualmente con perfís STEM nas áreas da industria 4.0 e a automatización
- ✓ Un 38,7% das empresas TIC de Galicia con áreas de desenvolvemento neste ámbito require cubrir postos de traballo no ámbito da Smart Factory e un 31,3% demanda persoal no ámbito da automatización.

### **Internet das Cousas (IoT)**

Trátase dunha área estratéxica na actual conxuntura provocada pola COVID-19 dada a súa aplicación na prevención e o autocoidado no fogar introducindo as tecnoloxías dixitais para o seguimento e tratamento a distancia dos usuarios ou a monitorización e sensorización en tempo real de determinados parámetros de actividade e múltiples sectores produtivos

- ✓ Un 10,2% das empresas TIC de Galicia conta actualmente con perfís especialistas en IoT
- ✓ Un 38,6% das empresas TIC con liña de negocio no ámbito da IoT require persoal no ámbito do Internet das Cousas,

Fonte: <http://www.osimga.gal/gl/novas/o-sector-tic-de-galicia-creara-mais-de-4500-novos-postos-de-traballo-nos-proximos-5-anos>



**Proposta de novos informes a desenvolver no ano 2021 en base aos obxectivos e liñas estratéxicas da Estratexia Galicia Dixital 2030.**

---

En base á EGD2030 avaliáronse as principais tendencias no ámbito dixital, seleccionando dous estudos temáticos a presentar no Pleno para realizar no ano 2021 cos seguintes obxectivos de investigación:

- Proposta Informe Rapaciñ@s dixitais: avaliación do grao de acceso e uso das TIC por parte dos nenos/as galegos
- Proposta: Estudo sobre as competencias dixitais da cidadanía galega

## 5- ACTUACIÓNS E PROXECTOS


A fin de contribuír á definición estratéxica das políticas públicas na materia, durante o ano 2020 o Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) desenvolveu unha ampla actividade prospectiva, elaborando informes de situación, de evolución e distintas análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.

A continuación, preséntanse todos os proxectos realizados polo OSIMGA ao longo do ano 2020, organizados en base a cinco liñas de actuación estratéxicas. Para cada un dos proxectos identificados expoñerase a súa descrición e características máis relevantes.

Todos os informes de carácter xeral e os estudos temáticos do OSIMGA distribúense libremente na Rede baixo licenza Creative Commons e poden consultarse na web do Observatorio [www.osimga.gal](http://www.osimga.gal)




### *Liñas de actuación estratéxicas*



## 5.1.-LIÑA 1: INFORMES DE CARÁCTER XERAL

O OSIMGA continúa a análise da evolución do equipamento e uso das TIC nos principais colectivos socioeconómicos de Galicia: os fogares e a cidadanía, as empresas, o sector TIC e a Administración.



### 5.1.1.-FOGARES



- ✓ O uso de internet en Galicia igualouse coa media europea no período 2017-2020 e é practicamente universal entre os 16 e os 44 anos
- ✓ En 2020, máis do 99 por cento das persoas de entre 16 e 34 anos e o 98,3% de entre 35 e 44 declaran que usaron internet nos últimos tres meses
- ✓ Nove de cada dez fogares galegos teñen contratado internet, e a contratación de velocidades de máis de 100 Mbps triplicouse no período 2017-2020
- ✓ Preto do 60 por cento das persoas de Galicia fai compras en liña, o que implica un crecemento do 12,5% con respecto a 2019
- ✓ O 75% da cidadanía de Galicia interactúa coas Administracións públicas a través de internet
- ✓ Os incrementos do uso de internet en 2020 foron especialmente significativos entre persoas con discapacidade (un 17,8% máis que en 2019) ou xubiladas (un 11,4%)

Fonte: <http://www.osimga.gal/gl/novas/o-uso-de-internet-en-galicia-igualouse-coa-media-europea-no-periodo-2017-2020-e-e>

Este informe foi realizado no marco do **convenio asinado entre a Amtega e o IGE**, a partir dos datos recollidos na "Enquisa Estrutural a fogares" do Instituto Galego de Estatística e posteriormente analizados polo OSIMGA, co fin de avaliar a evolución da penetración das novas tecnoloxías na sociedade galega.

O estudo analiza a información **subministrada por 8.028 fogares e 16.682 persoas de 16 a 74 anos** e permite datos desagregados por subconxuntos de idade, sexo, áreas xeográficas, hábitat, número de membros do fogar, convivencia no fogar con nenos/as, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, obtendo unha perspectiva comparada dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia.

## 5.1.2.-EMPRESAS

- ✓ Máis da metade das microempresas galegas (54,3%) ten contratada unha velocidade de conexión a Internet de máis 100 Mbps, cun incremento do 93,2% no último ano. No caso das empresas de 10 e máis empregados/as, o crecemento na contratación desta velocidade foi do 41,2%
- ✓ Aumentou un 78,7% o número de microempresas que venderon a través de Internet.
- ✓ Demanda de perfís TIC: O 16% das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as contratou ou tentou contratar especialistas TIC.
- ✓ As empresas galegas superan a media estatal no emprego do Internet das Cousas e a Robótica.
- ✓ Un 12,4% das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as empregaron Big Data, 3,9 puntos máis que a media estatal.



**Fonte:** <http://www.osimga.gal/gl/novas/o-gasto-en-tic-das-empresas-galegas-superou-os-457-millions-de-euros-un-117-mais-que-no>

A información que se presenta procede da “Enquisa sobre o uso de TIC e do comercio electrónico nas empresas. Ano 2019 - Primeiro trimestre do ano 2020” do Instituto Nacional de Estatística (INE) e foi facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE), en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega, o IGE e o INE.

Cabe salientar a incorporación neste estudo de información sobre as novas vangardas tecnolóxicas disruptivas: Internet das Cousas, Robótica, Big Data e Impresión 3D, achegándonos aos desafíos das TIC na empresa marcados na Axenda Dixital de Galicia 2020.

Ademais, o devandito Convenio permite que se facilite ao OSIMGA unha ampliación dos datos publicados polo INE, especialmente no que se refire a:

1. Microempresas (de nove traballadores ou menos) e empresas en xeral (de dez traballadores ou máis)
2. Indicadores de comercio electrónico
3. Datos específicos das empresas multilocalizadas. Diferenza entre empresas con sede fóra de Galicia e que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Galega, daquelas con sede e actividade en Galicia.

### 5.1.3.-SECTOR TIC

- ✓ No 2020 a implantación do teletraballo incrementouse en máis dun 90% no sector
- ✓ Máis dun terzo das empresas TIC galegas levaron a cabo actividades de I+D+i durante os 3 últimos anos das que máis do 68,3% obtivo resultados comercializables
- ✓ O 27,1% das tecnolóxicas galegas utilizan ou incorporan aos seus produtos e servizos IOT (Internet das cousas) e un 26% emprega o Bussiness Inteligence
- ✓ O uso da Intelixencia artificial sitúase no 19,5% das empresas do sector
- ✓ Preto dun 32% das empresas TIC venderon os seus produtos ou servizos a través do comercio electrónico, un 7,1% máis que o ano anterior
- ✓ O 26,9% das empresas galegas dedicadas ás TIC sufriu un incidente de seguridade durante o ano 2019, principalmente intentos de estafa e ataques de virus



**O Sector TIC galego creou 114 novas empresas en 2019 e rexistrou un volume de negocio de máis de 2.800 millóns de euros**



**Fonte:** <http://www.osimga.gal/gl/novas/o-sector-tic-galego-creou-114-novas-empresas-en-2019-e-rexistrou-un-volume-de-negocio-de-0>

Son datos recollidos no estudo “Empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia. Edición 2020”, elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información en Galicia (Osimga), adscrito a Amtega, en base aos últimos datos rexistrados do sector e a unha enquisa realizada entre setembro e novembro do ano 2020, recollendo indicadores novos como o teletraballo ou a adopción de tecnoloxías disruptivas.

Este é un estudo de referencia do sector empresarial TIC galego que realiza OSIMGA, incluído no Plan Galego de Estatística 2017-2021. Presenta información directa de máis de 450 empresas tecnolóxicas galegas.

## 5.1.4.-eADMINISTRACIÓN



**O 95% dos procedementos pódense iniciar de xeito electrónico**



### A eAdministración na Xunta de Galicia:

- ✓ O 99,3% de axudas e subvencións poden solicitarse por vía electrónica.
- ✓ Máis de 21 mil empregados públicos contan con tarxeta intelixente para a identificación.
- ✓ O portal web institucional da Xunta de Galicia recibiu un total de 8.090.136 visitas de 271.586 visitantes mensuais.
- ✓ O catálogo de redes sociais da Administración galega en Internet ascende a un total de 341 iniciativas, que suman un total de 1.687.480 seguidores.

### A eAdministración nos Concellos de Galicia:

- ✓ Un 91,4% dos concellos con sede electrónica conta co servizo de notificacións electrónicas.
- ✓ O 87% dos concellos galegos contan cun portal de transparencia. Nos concellos máis grandes esta vía de comunicación está presente no 100% das corporacións.
- ✓ 7 de cada 10 concellos galegos ten presenza nas redes sociais.



**Máis do 93% dos concellos galegos conta con sede electrónica**



O OSIMGA analizou o avance dos servizos públicos da administración electrónica na Xunta de Galicia e nos Concellos de Galicia. Ambas as dúas estatísticas do OSIMGA están incluídas no Plan Galego de Estatística 2017 – 2021.

#### Fontes:

A Administración electrónica na Xunta de Galicia:

[http://www.osimga.gal/sites/w\\_osimga/files/documentos/administacion\\_electronica\\_xunta\\_2020.pdf](http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/administacion_electronica_xunta_2020.pdf)

A Administración electrónica nos Concellos de Galicia:


<http://www.osimga.gal/gl/novas/mais-do-93-dos-concellos-galegos-Conta-con-sede-electronica>

## 5.2.-LIÑA 2: ESTUDOS TEMÁTICOS


No ano 2020 o OSIMGA tamén publicou diversos estudos monográficos. Teñen o obxectivo de avaliar un ámbito específico de interese relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación, así como servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración no marco da Axenda Dixital de Galicia 2020.

Os estudos monográficos do Observatorio elaboráronse a partir da extracción sistemática da información sectorial contida nos informes de diagnóstico do Observatorio, a partir de novas enquisas ou análises cualitativas dun sector, ou ben, a partir da recompilación da documentación e datos existentes en fontes de información externas.

A continuación preséntanse as áreas temáticas e colectivos específicos analizados polo OSIMGA no ano 2020. Para cada unha destas áreas estratéxicas de interese, realizouse un estudo temático do que se expoñen a súa descrición e características máis relevantes.



### 5.2.1.-A Sociedade da Información do Rural



- ✓ A composición dos fogares galegos no rural inflúe na contratación de Internet. Así, nos fogares do rural onde viven tres ou máis persoas, rexístrase unha porcentaxe superior ao 89%
- ✓ O uso de dispositivos electrónicos (ordenador, tablet,...) no rural aumentou un 12,1% respecto ao ano anterior. Tres de cada catro persoas (76,6%) que residen no rural usaron internet nos últimos tres meses. No caso das persoas de menos de 55 anos que residen no rural, a porcentaxe elévase por riba do 91%
- ✓ O uso de Internet no rural incrementouse nun 11,5% no último ano, un ritmo superior ao crecemento da media galega (6,9%)



desenvolvemento metodolóxico desenvolto polo IGE.

Os **obxectivos** que persigue este estudo son **avaliar a contratación de Internet e o uso das TIC no medio rural galego**, a partir de datos obtidos no marco do convenio asinado co IGE.

Así, este estudo utiliza como fonte de información a **Enquisa Estrutural a Fogares que realiza o Instituto Galego de Estatística** e a clasificación do grao de urbanización definida polo IGE, incluíndose como variable de análise a dispersión territorial na relación coa Sociedade da Información.

Na seguinte páxina pódese observar o

Fonte: [http://www.osimga.gal/sites/w\\_osimga/files/documentos/informe\\_ticsrural\\_2020.pdf](http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_ticsrural_2020.pdf)



Ligazón á metodoloxía: definida polo IGE: [http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/clasificacions/urbanizacion/NotasMetodoloxicas\\_Rev.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/clasificacions/urbanizacion/NotasMetodoloxicas_Rev.pdf)

## 5.2.2.-Sociedade da Información dende unha perspectiva de xénero

**Colectivos Específicos**

• **Mulleres**

 **En Galicia, elimínase practicamente a fenda dixital de xénero no uso de Internet, que sitúa en 0,6 puntos**



- ✓ En tres anos as diferencias no uso de internet entre galegos e galegas reducíronse un 80% e sitúanse na media da Unión Europea
- ✓ Entre as mulleres cun nivel formativo secundario ou superior, o emprego de internet é igual ou superior ao dos homes
- ✓ Atendendo á idade ata os 64 anos, as mulleres superan ou igualan aos homes no acceso á rede
- ✓ Tres de cada catro mulleres galegas de 16 a 24 anos compraron a través de Internet, 6,1 puntos máis que os homes neste tramo de idade
- ✓ O uso de ordenador e teléfono móbil é superior entre as mulleres galegas, excepto nos tramos de idade máis avanzada
- ✓ Dúas de cada tres mulleres que usan internet, utilizárono nos últimos tres meses para descargar ou enviar formularios ás administracións públicas




Este estudio ten coma obxectivos analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso ás tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia, así como estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo, todo elo seguindo os eixos do Plan de Inclusión Dixital de Galicia.

Nesta edición as diferenzas entre os homes e as mulleres galegas son mínimas: O 85,3% das galegas fronte ao 85,9% dos galegos utilizaron Internet nos últimos tres meses. O uso da Rede entre as mulleres galegas acada así a media que se rexistra na Unión Europea.

Cando se acada un nivel formativo secundario ou superior, o uso de internet é igual ou superior para as mulleres que para os homes. Atendendo á idade, o uso de Internet entre as mulleres supera ou iguala á porcentaxe de homes ata os 64 anos.

**Fonte:** [http://www.osimga.gal/sites/w\\_osimga/files/documentos/informe\\_fogares\\_xenero\\_osimga\\_2020.pdf](http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_fogares_xenero_osimga_2020.pdf)

### 5.2.3.-A Mocidade e as TIC



- ✓ O 93,3% dos fogares onde residen nenos/as en idade escolar dispón de ordenadores, superando en 24,6 puntos porcentuais aos fogares onde non conviven con nenos/as.
- ✓ O 99% dos fogares con menores en idade escolar ten contratado Internet de banda larga, superando a media autonómica en 10,9 puntos porcentuais.
- ✓ O uso de dispositivos electrónicos entre os mozos e mozas de idades comprendidas entre os 16 e 34 anos (99,4%) supera en 15,2 puntos porcentuais á media de uso da poboación entre 35 e 74 anos.
- ✓ A porcentaxe de uso de Internet nos últimos tres meses entre a mocidade galega de 16 a 34 anos foi do 99,4%, superando á media autonómica en 13,8 puntos porcentuais
- ✓ O 79,3% de mozos e mozas galegos de 16 a 34 anos compraron bens ou servizos a través de Internet durante o 2019, 35,5 puntos porcentuais máis que os maiores de 35 a 74 anos.



Este estudo foi realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia no marco estratéxico da Axenda Dixital 2020 da Xunta de Galicia.

Os seus obxectivos son avaliar a incidencia da presenza de nenos/as e mozos/as no fogar en relación ao equipamento e uso das tecnoloxías da información, a partir de datos propios do OSIMGA obtidos no marco do convenio asinado co IGE.

O 99% dos fogares galegos onde conviven nenos e nenas en idade escolar dispón de acceso a Internet de banda larga. Este indicador supera en 14,3 puntos porcentuais á contratación de fogares onde non residen nenos en idade escolar.

Fonte: [http://www.osimga.gal/sites/w\\_osimga/files/documentos/osimga\\_informe\\_mocidade\\_2020\\_3.pdf](http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/osimga_informe_mocidade_2020_3.pdf)

## 5.2.4.-Software libre nos concellos e nas empresas TIC de Galicia

Ámbeto  
Software Libre

- Concellos
- Empresas Informáticas





O 85,4% dos concellos galegos dispón de software libre nalgún equipo informático ( en ordenadores de usuario ou servidores)

O estudo “O Software Libre nos Concellos de Galicia ” indica que:

- ✓ A combinación de software libre e software privativo é a opción máis común en todas as aplicacións informáticas analizadas, agás no caso do antivirus e seguridade, maioritariamente privativo.
- ✓ No caso dos navegadores de Internet, a ofimática e o xestor de correo, a porcentaxe de concellos que opta só por software libre supera á que opta só por software privativo.

Os resultados sobre “O Software Libre nas empresas informáticas de Galicia” sinalan que:

- ✓ No ano 2020 o uso do Software Libre nas empresas TIC galegas rexistra un elevado grao de implantación. Así, nove de cada dez empresas TIC galegas empregan software libre nalgún equipo informático.



Estes estudos, realizados no marco do Plan de acción en materia de Software Libre teñen por obxectivo analizar a implantación do software libre nos Concellos de Galicia e a penetración dos estándares e fontes abertas nas empresas informáticas galegas desde unha dobre vertente: A implantación e uso do Software Libre nestas empresas así como a oferta de produtos e servizos de Software Libre aos seus clientes.

Fonte:

**O Software Libre nos Concellos de Galicia:**

[http://www.osimga.gal/sites/w\\_osimga/files/documentos/informe\\_sl\\_concellos\\_2020.pdf](http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_sl_concellos_2020.pdf)

### 5.2.5.-As mulleres no sector TIC.

**Colectivos Específicos**

- **Mulleres**



**O Sector TIC rexistrou 5.885 mulleres afiliadas á Seguridade Social, o que supón o 30,4% dos traballadores/as do sector.**



- ✓ As mulleres galegas contan cunha maior representatividade no sector dos contidos dixitais, onde acadan unha porcentaxe do 41%.




Este estudo ten coma obxectivos presentar datos actualizados sobre a presenza das mulleres galegas no Hipersector TIC, en xeral, e no Sector TIC e Sector Contidos, en particular.

Tamén serve para identificar as súas funcións e roles no cadro de persoal das empresas e analiza o nivel de formación das mulleres galegas nas empresas TIC.

A información analizada provén da enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas e das afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE ao OSIMGA, procedentes da Seguridade Social.

## 5.2.6.-O Hipersector TIC



- ✓ O Hipersector TIC galego conta con 24.393 persoas empregadas afiliadas á Seguridade Social, un 0,2% máis que o ano anterior.
- ✓ As empresas tecnolóxicas e de contidos galegas exportaron bens por valor de 95 millóns de euros
- ✓ O 22,4% das empresas galegas de 10 ou máis traballadores realizaron algún tipo de actividade innovadora
- ✓ No 2019, as empresas galegas destinaron máis de 627 millóns de euros a gastos internos de I+D, o que supón un incremento do 6,2% con respecto ao ano anterior



O estudo do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades que compoñen o Sector das Tecnoloxías da Información (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais.

En Galicia existen un total de 3.830 empresas que desenvolven actividades relacionadas co Hipersector TIC, das que o 75,6% realizan actividades no sector TIC e o 24,4% no de Contidos. O crecemento do Hipersector TIC en Galicia queda patente cun crecemento demográfico dun 15% no número de empresas, sostido dende o ano 2015.

Para determinar estas actividades considerouse como referencia os traballos desenvolvidos pola OCDE e o INE.

Fonte: <http://www.osimga.gal/gl/novas/o-numero-de-empresas-tecnologicas-e-de-contidos-creceu-en-galicia-un-45-por-cento-ante-ao-01>

## 5.2.7.-A Sociedade da Información e os Autónomos de Galicia

**Colectivos Específicos**

- **Autónomos**

Máis do 75% dos/as autónomos/as galegos dispón de ordenador



Os resultados deste estudo indican que:

- ✓ A porcentaxe de autónomos/as galegos con banda larga fixa que contan con velocidade de conexión a Internet igual ou superior a 30Mbps sitúase no 84,5%.



Este estudo analiza comparativamente o uso da Sociedade da Información por parte dos autónomos/as galegos/as respecto do resto de formas societarias e do conxunto das microempresas.

Este informe constitúe un elemento de diagnóstico para avaliar e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións focalizadas nos autónomos/as.

### 5.3.-LIÑA 3: PROXECTOS EN COLABORACIÓN CO IGE E NO MARCO DO V PLAN GALEGO DE ESTADÍSTICA 2017-2021

Durante o ano 2020, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través do OSIMGA e o Instituto Galego de Estatística (IGE), desenvolveron varias liñas de colaboración no que se refire á coordinación da realización das enquisas en materia da Sociedade da Información, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

Algúns resultados desta intensa colaboración entre a Amtega, a través do OSIMGA e o IGE son:

O OSIMGA deu cumprimento a todos os compromisos asumidos no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para 2020 e obtivo un 100% de execución nos seus proxectos estatísticos.



Ademais, no ano 2020, **renováronse os dous Convenios de Colaboración entre a Amtega, o IGE e o INE** para a optimización das operacións estatísticas nos fogares e nas empresas por un período de catro anos, prorrogables por outros catro anos máis. Esta cooperación afianza a eficiencia e a rigorosidade da estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica na área das tecnoloxías da información e consolida a calidade dos indicadores existentes no ámbito dixital.

Os proxectos desenvolvidos en colaboración co IGE e as operacións e actividades estatísticas cuxa responsabilidade de execución recaeu na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a través do OSIMGA durante o ano 2020 son os seguintes:

| Código                                                                                                                                            | Proxectos en colaboración co IGE e Operacións e a actividade estatística do V Plan Galego de Estatística |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Renovación dos Convenios de colaboración entre a Amtega, o IGE e o INE para a optimización das operacións estatísticas nos fogares e nas empresas |                                                                                                          |
| 4106-01-AE05                                                                                                                                      | A Sociedade da Información no medio rural                                                                |
| 4101-02-OE05                                                                                                                                      | Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia                                            |
| 4102-01-OE05                                                                                                                                      | Enquisa ás Empresas TIC de Galicia                                                                       |
| 4103-01-OE05                                                                                                                                      | Estatística da administración electrónica na Xunta de Galicia                                            |
| 4103-02-OE05                                                                                                                                      | Estatística da administración electrónica nos Concellos de Galicia                                       |
| 4102-02-AE05                                                                                                                                      | Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia                                    |

A continuación, preséntase unha breve descrición dos proxectos desenvolvidos en colaboración co IGE e o INE.

### **5.3.1.-Renovación do Convenio de Colaboración entre Amtega, o IGE e o INE.**

Unha importante liña de traballo do OSIMGA é a colaboración establecida co Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares e nas empresas de Galicia, e que frutificou coa firma dun convenio de colaboración entre estas entidades. Durante o ano 2020, renovouse esa cooperación para os próximos catro anos, con posible prórroga de catro anos máis.

Isto tradúcese nun aval para os traballos do OSIMGA, que garante unha metodoloxía rigorosa de captación e tratamento dos datos, a exactitude e fiabilidade da información para divulgar e a precisión e coñecemento dos indicadores relativos á Sociedade da Información en Galicia.

Esta colaboración permite a inclusión anualmente dun conxunto de indicadores relativos á Sociedade da Información nos fogares galegos na “Enquisa Estrutural a Fogares” que realiza o IGE, o que evita duplicidades, e supón un aumento de mostra das enquisas a fogares respecto ao número de enquisas que facía o OSIMGA.

O convenio tamén contempla a obtención, a través do IGE, dunha ampliación dos datos da “Enquisa de uso das TIC e comercio electrónico nas empresas” do INE, especialmente no referido ás empresas multilocalizadas, é dicir, empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa Comunidade, así como datos de comercio electrónico e microempresas galegas.

### 5.3.2.-[4106-01-AE05] A Sociedade da Información no medio rural.



Este proxecto avalía de xeito específica a sociedade dixital no medio rural galego.

Este estudo utiliza a clasificación do grao de urbanización definida polo IGE e baseada, á súa vez, na metodoloxía empregada por Eurostat.

### 5.3.3.-[ 4101-02-OE05] Sistema de Indicadores da SI de Galicia

Cumprindo o programa estatístico anual para o ano 2020, o Observatorio publicou en decembro unha edición actualizada do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.


O Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia está composto por 29 indicadores que permiten monitorizar a evolución da penetración e uso das tecnoloxías nos seguintes ámbitos: poboación, empresas, sector TIC e administración electrónica. Ademais, achega información sobre o ritmo de crecemento no últimos catro anos.




### 5.3.4.-[ 4102-01-OE05] Enquisa ás Empresas TIC

Dende o ano 2010 o OSIMGA realiza a Enquisa ás Empresas TIC de Galicia, a única enquisa oficial neste sector específico, incluída no V Plan Galego de Estatística 2017-2021.

O proxecto técnico desta operación estatística foi aprobado polo Consello Galego de Estatística, outorgando así un aval de calidade e certificando a rigorosidade deste estudo realizado anualmente polo OSIMGA.



### 5.3.5.-[ 4103-01-OE05 e 4103-02-OE05] A Administración electrónica na Xunta de Galicia e nos concellos galegos



En 2020, cumprindo os compromisos do V Plan Galego de Estatística, 2017-2021 publicáronse os estudos sobre a Administración Electrónica na Xunta de Galicia e nos Concellos de Galicia.

### 5.3.6.-[4102-02-AE05] Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia

O propio Observatorio presenta a condición de actividade estatística e adquire o compromiso de publicar unha selección de indicadores relativos ás empresas e microempresas galegas, converténdose na única fonte de información que publica estes datos estatísticos específicos para Galicia.



## 5.4.-LIÑA 4: SISTEMA DE INFORMACIÓN E VIXILANCIA

O Decreto 21/2010 define o OSIMGA como órgano asesor e como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información en Galicia.

Durante o ano 2020, o Observatorio ofreceu á sociedade galega a través da súa web información actualizada sobre o grao de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.

### 5.4.1- Web OSIMGA [www.osimga.gal](http://www.osimga.gal)

A web do OSIMGA púxose en marcha no ano 2011. Producíronse moitos cambios e avances tecnolóxicos na forma de visualizar e presentar a información e no xeito de acceder á ela por parte dos usuarios finais (tablets, móbiles, etc.).

A nova web do OSIMGA, vixente desde o ano 2018, permite a navegación dende diferentes dispositivos, dispoñendo en todos eles do mesmo aspecto visual e adaptado ao dispositivo (deseño responsive orientado a dispositivos móbiles).

Esta mellora visual implica tamén unha reorganización dos contidos destacados, de forma que a lectura sexa máis limpa e clara.



Ademais da mellora de deseño e organización dos contidos, aborouse unha actualización do **xestor de contidos** sobre o que está construído a web, que permite unha xestión máis fácil, accesible e eficiente de todos os contidos e seccións que integran a páxina do OSIMGA e a incorporación de novas funcionalidades nos próximos anos.

De forma non visible para os usuarios finais, pero non menos importante, configurouse para a web do OSIMGA a ferramenta **Google Analytics**, que permite coñecer as pautas de comportamento dos visitantes que navegan por ela; esta ferramenta permitirá mellorar e evolucionar a web cara ao verdadeiro interese dos usuarios que acceden á mesma.

A web do OSIMGA é a principal ferramenta de difusión pública das actividades realizadas polo OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada e unha referencia experta no seu ámbito. Esta web é unha canle aberta de comunicación e difusión dos datos, informacións, estudos e outros materiais elaborados polo Observatorio.

ACTUALIDADE

NOVAS



01/05/2021

O número de empresas tecnolóxicas e de contidos creceu en Galicia un 4,5 por cento, fronte ao 0,1 por cento da media española



11/04/2021

O emprego nas empresas de informática de Galicia creceu cerca dun seis por cento en 2020



01/03/2021

O gasto en TIC das empresas galegas superou os 457 millóns de euros, un 11,7% máis que no exercicio anterior



31/01/2021

O Sector TIC galego creou 114 novas empresas en 2019 e rexistrou un volume de negocio de máis de 2.800 millóns de euros



01/01/2021

Galicia elimina practicamente a fenda dixital de xénero, que se sitúa nun 0,6%

VER TODAS

DESTACADOS



O emprego nas empresas de informática de Galicia creceu cerca dun seis por cento en...

MÁIS INFO

Gráfico 8. E



O número de empresas tecnolóxicas e de contidos creceu en Galicia un 4,5 por cento,...

MÁIS INFO



O 85,4% dos concellos dispón de software libre nalgún equipo informático, aumentando...

MÁIS INFO

## BOLETÍN DE NOTICIAS

### 2º Semestre de 2020

www.osimga.org



## SISTEMA DE INDICADORES

Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia publicado en decembro de 2020

## NOTICIAS OSIMGA



**A Xunta e o sector tecnolóxico investiron máis de 1.260 millóns de euros desde 2015 para avanzar na dixitalización da comunidade**

- Galicia elimina practicamente a fenda dixital de xénero, que se sitúa nun 0,6%
- Nove de cada dez fogares galegos conta con servizo de internet, un 4% máis que en 2019
- As microempresas galegas superan a media estatal na contratación de internet
- Máis do 93% dos concellos galegos conta con sede electrónica



## INFORMES

### Cidadanía

- A Sociedade da Información no medio rural. Edición 2020
- A mocidade e as TIC. Edición 2019
- A Sociedade da Información en Galicia desde unha perspectiva de xénero. Edición 2020

### eAdministración

- A Administración electrónica nos Concellos de Galicia. Edición 2020
- A Administración electrónica na Administración pública de Galicia. Edición 2020

A través da súa web e do seu boletín trimestral de actualidade, que conta xa **con máis de 3165 subscriptores, cun aumento do 82,4% dende a súa creación**, o Observatorio subministra unha selección de noticias de actualidade, eventos, ligazóns con outras fontes de información, observatorios ou entidades relacionadas coa modernización da Administración autonómica galega e a Sociedade da Información.

Ademais, o fondo histórico do OSIMGA presenta unha panorámica, ordenada de modo cronolóxico e temático, da evolución da Sociedade da Información e a Administración electrónica en Galicia.

A integración coas canles 2.0 da Axencia para a Modernización e Innovación Tecnolóxica permite avanzar cara ao modelo de administración aberta, primando as relacións coa cidadanía e o contacto directo con eles, facéndose máis transparente, participativa e colaborativa.

### 5.4.2- Dixiterrae: unha nova forma de presentar os datos

A plataforma *dixiterrae.xunta.gal* ofrece á cidadanía información sobre o proceso de transformación dixital e facilita o acceso e o coñecemento sobre os recursos e ferramentas dispoñibles.

Esta web permitirá visualizar os datos e o grao de avance do proceso de transformación dixital dunha forma diferente, empregando como fonte de información a información estatística dispoñible en Osimga.



### 5.4.3- Vixilancia e análise de fontes de información externas

Xunto cos labores vinculados ás observacións propias, o OSIMGA continuou en 2020 coas tarefas de vixilancia e análise de fontes de referencia externas. Este traballo facilita a realización de análises comparativas e aliñacións de datos de Galicia con outros marcos xeográficos que se analizan para a realización de informes de situación, resolución de consultas, noticias e outros produtos de información OSIMGA.

Algunhas fontes de información externa analizadas en 2020 foron:




## 5.4.4- OSIMGA nos medios


Como parte do proceso de información e vixilancia, OSIMGA recolle o impacto nos medios de comunicacións da súa actividade.

No 2020 a presenza da actividade do OSIMGA nos medios é moi notable, tendo máis impacto a nivel autonómico tanto nos medios dixitais como impresos, difundíndose as súas novas e informes, cando menos, en 27 medios diferentes.

A continuación preséntanse as diferentes noticias relacionadas coa actividade do OSIMGA no ano 2020 aparecidas nos medios así como as gráficas onde recollen a presenza numérica das citas nos medios segundo o tipo de actividade o informe do Observatorio.



Citas nos Medios de Comunicación da Actividade e Informes do OSIMGA (% sobre o total de citas nos medios de comunicación)



## 5.5.-LIÑA 5: COLABORACIÓNS

O OSIMGA deu continuidade durante o ano 2020 ao importante capítulo das colaboracións, intercambiando información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.

No ano 2020, ó igual que nos anos anteriores, cabe destacar a sinerxía establecida entre a Amtega, a través do OSIMGA, e o IGE, abrindo liñas de colaboración en distintos ámbitos de observación. A continuación, relaciónanse as principais entidades coas que cooperou o OSIMGA e descríbense os principais resultados desta colaboración.

**O OSIMGA facilitou tamén datos a outros organismos e entidades, atendendo a demanda de información sobre a Sociedade da Información en Galicia e achegando os datos para cubrir as necesidades da Administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.**



## INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA

*"Renovación do Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a optimización das operacións estatísticas no ámbito da sociedade da información: fogares e empresas"*

### ORGANISMO



### ÁMBITO

Fogares e empresas

### DESCRICIÓN

A renovación do Convenio de Colaboración asinado entre Amtega e o IGE permite dar continuidade a integración dos indicadores da sociedade da información na poboación de Galicia dentro da enquisa de "Estrutural a fogares" realizada polo IGE e unha explotación ad-hoc de datos sobre o desenvolvemento da sociedade da información nas empresas de Galicia, facilitados polo IGE e procedentes da "Enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas" realizada polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

## INE (a través do IGE)

*Ampliación dos indicadores de microempresas, publicados na "Enquisa de uso de TIC e Comercio electrónico nas empresas" do INE e obtención, a través do IGE, de datos específicos sobre as empresas con actividade en Galicia, pero con sede fóra de Galicia e indicadores sobre comercio electrónico das empresas galegas"*

### ORGANISMO



### ÁMBITO

Empresas

### DESCRICIÓN

A través da renovación do Convenio de Colaboración, asinado entre a Amtega, o IGE e o INE, obtivéronse datos sobre as empresas con actividade en Galicia, pero con sede fóra de Galicia e unha ampliación dos indicadores sobre as microempresas e comercio electrónico, procedentes da "Enquisa de uso de TIC e Comercio electrónico nas empresas" do INE.

## Red.es (ONTSI)

*Consulta de datos e informes sobre a evolución das TIC a nivel estatal*

### ORGANISMO

**red.es**

### DESCRIPCIÓN

O OSIMGA consulta e realiza un seguimento sobre os indicadores en materia da Sociedade da Información que publica o Observatorio Nacional das Telecomunicacións e da Sociedade da Información ( ONTSI).

### ÁMBITO

Sistema de Indicadores e estudos temáticos

## Telefónica

*O OSIMGA elaborou un capítulo relativo á Sociedade da Información en Galicia que se integrou no informe "A Sociedade Dixital en España -2020"*

### ORGANISMO

**Telefónica**

Fundación Telefónica

### DESCRIPCIÓN

No marco de colaboración que o Observatorio desenvolve coa Fundación Telefónica, elaborouse un informe sobre a situación da sociedade dixital en Galicia en 2020 que recompila os principais indicadores e a realidade dixital de Galicia a través dos seus proxectos máis relevantes. Esta colaboración integrouse no informe "A Sociedade Dixital en España 2020".

### ÁMBITO

Xeral

## Unidade de Muller e Ciencia

*Elaboración de estudos temáticos sobre a situación laboral da muller tecnóloga e análise dos indicadores da Sociedade da Información desde a perspectiva de xénero.*

### ORGANISMO



### ÁMBITO

Cidadanía e empresas

### DESCRICIÓN

Desde que en xuño de 2010, a Amtega entrase a formar parte da Unidade de Muller e Ciencia, estableceuse unha estreita colaboración co OSIMGA. O Observatorio realiza un seguimento continuo dos indicadores da penetración das TIC atendendo á perspectiva de xénero, solicitando os datos sobre a presenza de mulleres no sector empresarial TIC as súas funcións no cadro de persoal destas empresas co fin de impulsar liñas de actuación tendentes a corrixir a situación de desigualdade.

## OBSAE

*Galicia colabora no grupo de traballo "Observatorio, Medidas e Indicadores" do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no que participan todas as Comunidades Autónomas.*

### ORGANISMO



### ÁMBITO

Administración

### DESCRICIÓN

O OSIMGA segue a colaborar co "Observatorio de la Administración Electrónica de las Comunidades Autónomas", dependente do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, facilitando os datos correspondentes á situación da Administración electrónica na Xunta de Galicia.

## Seguimento da Axenda Dixital de Galicia

*Achegas de datos para o seguimento da Axenda Dixital de Galicia 2020*

### ORGANISMO

**Axenda  
Dixital de  
Galicia 2020**

### DESCRICIÓN

O OSIMGA proporcionou datos para o seguimento do cadro de mando da Axenda Dixital, a folla de ruta en materia tecnolóxica da Xunta de Galicia, que foron incluídos no balance que publica anualmente a Amtega.

### ÁMBITO

Xeral

## CDTIC

*O OSIMGA facilita os principais datos sobre o equipamento e uso das TIC no sector empresarial.*

### ORGANISMO



### DESCRICIÓN

O OSIMGA estableceu unha proveitosa colaboración co Centro Demostrador TIC de Galicia ( CDTIC), facilitando os datos para avaliar a penetración das tecnoloxías nas empresas e no sector TIC.

### ÁMBITO

Empresas

## VOLDIX

*O OSIMGA facilitou os principais datos sobre a fenda dixital existente cos principais colectivos en risco de exclusión, atendendo á demanda de información do proxecto "Voluntariado Dixital de Galicia" (VOLDIX).*

### ORGANISMO



### ÁMBITO

Cidadanía

### DESCRICIÓN

O OSIMGA prestou especial atención ao seguimento dos indicadores desagregados por idade, xénero e hábitat para detectar posibles colectivos en risco de exclusión.

## Plan eCONCELLOS

*Publicación dunha nova edición do estudo "A Administración electrónica nos concellos galegos".*



### ÁMBITO

Administración

### DESCRICIÓN

No ano 2020 publicouse un estudo sobre a administración electrónica nos concellos de Galicia, en estreita colaboración coa Oficina eConcellos, dentro do marco estratéxico Plan eConcellos, o instrumento da Xunta de Galicia para impulsar a eAdministración nos municipios galegos.

### Achega de información para o Plan de Inclusión Dixital

*O OSIMGA colaborou co Plan de Inclusión Dixital de Galicia, atendendo á demanda de datos estatísticos que permitisen detectar os posibles problemas que afecten a extensión da Sociedade da Información en Galicia, con especial atención aos colectivos en risco de exclusión.*



#### ÁMBITO

Cidadanía

#### DESCRICIÓN

O OSIMGA atendeu a demanda de información do Plan de Inclusión Dixital de Galicia, orientado ao cumprimento dos obxectivos establecidos polas Axendas Dixitais española e europea no ámbito da inclusión dixital.

A través deste Plan definiuse un modelo global e universal de inclusión dixital, cunha maior capilaridade no territorio e no que participarán os axentes coñecedores da realidade da comunidade

### Achega de datos e indicadores para atender a demanda de información

*Atención á demanda de información sobre a Sociedade da Información en Galicia e achegando os datos para cubrir as necesidades da Administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.*



#### ÁMBITO

Xeral

#### DESCRICIÓN

O OSIMGA facilita periodicamente información e indicadores sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia para a súa difusión en eventos ou foros, analiza as noticias de actualidade e da resposta ás consultas recibidas a través da web do OSIMGA.

